

# O MEU PASO POLO COLEXIO

## INFANTIL



En Infantil aprendín as cores, os números e o abecedario. O resto dos días e das clases de Infantil pasámolos xogando, de excursións e visitando as clases doutros cursos.

# *1º Primaria*

Aprendín a ler, a sumar, a multiplicar, palabras en inglés...  
O terceiro día de colexio veu un alumno novo que se chamaba Alfredo, pero chamámolo Fredo porque o conserxe chamábase como el. Fredo convertiuse no meu mellor amigo e pasabamos o día enteiro xogando.

## *2º de Primaria*

Aprendín a escribir oracións un pouco máis longas, a ler poemas, a discutir sobre o que xa tiña lido, a pronunciar palabras e a diferenciar algunhas palabras con “b” ou con “v”. Nos recreos, Fredo e máis eu estabamos todo o rato xogando ao fútbol ou ao “pilla-pilla”.

## *3º de Primaria*

En 3º de Educación Primaria aprendín a ter un mellor vocabulario, a calcular mellor, a redactar poemas, a dividir con dúas cifras e moitas cousas máis.

## 4º de Primaria



En 4º de Primaria cambieime de colexio; funme do CEIP de Ría do Burgo e vin para o CEIP de Arzúa. Costábame aprender o nome das persoas do colexio. O meu mellor amigo neste colexio foi Raúl Veleiro.

# 5° de Primaria



En 5° Primaria xa me coñecía ben os nomes dos meus amigos. Aprendín a falar máis ou menos o inglés, a multiplicar por tres cifras e ampliei o meu vocabulario.



# 6º de Primaria



En 6º de E.Primaria divertínme moito, sobre todo na excursión da neve e xogando ao fútbol cos de 4º de Primaria.

**Hugo Vila Varela- 6º B**